

Medidas tradicionais galegas

O ser humano observou sempre o contorno en que vive, as cousas que hai nel, o que acontece, o que distingue uns seres doutros.

Sempre que se fai unha observación da realidade pódese encontrar que certas características están presentes en moitos dos obxectos que observamos. Unha característica dos corpos a través da cal podemos establecer comparacións entre ditos corpos chámase magnitude. Son magnitudes, por exemplo: a lonxitude, o volume, o peso, etc.

Dicía Lord Kelvin que só cando é posible medir e expresar en forma numérica aquilo do que se fala sábese algo acerca diso.

Medir unha cantidade é comparala con outra que se toma como unidade para sabermos cantas veces a contén.



En Galicia, desde moi antigo, as nosas xentes empregaron e seguen a empregar moitas unidades para medir as distintas magnitudes. Como sucedía en moitos outros puntos de Europa, estes sistemas tradicionais adolecían de imprecisións e de moitas variacións locais e rexionais. Tendes aquí unha pequena recopilación das unidades populares máis utilizadas na Galiza, partindo dun documento base sobre a zona da Fonsagrada. A información está aínda incompleta, esperando as vosas aportacións...

Moitas gracias a todos os colaboradores.


Eis un listado dos que ata o de agora aportaron datos:

- » Manolo Veiga , lapisdecores de galego21.org
- » Carlos Varela ,I.E.S. M^a Soliño. Cangas do Morrazo.
- » Cándido, de Redondela.
- » Manolo Souto, CEIP de Carnota,
- » Miguel Yebra
- » Antonio Hernández

Medidas tradicionais galegas

Nome	Orixe	Imaxe	Equivalencia	Medidas relacionadas
Vara	Polo seu nome fai referencia a un obxecto de madeira ou pau empregado como medida.		En Redondela dicían que era a altura dun home co brazo levantado. En zonas de cultivos téxtiles a vara era moi usada e equivalía a 1,24 mts. 3 pés 4 cuartas 36 pulgadas	En Carnota tamén se empregaba como medida de superficie.
Pé ou Tercia	Medida do pé		12 pulgadas	
Pulgada	Medida do dedo pulgar dobrado		Moi relativa A tradución a cm. e variable ao depender da lonxitude do dedo de cada persoa	
Furco	Extensión desde o pulgar ao indicador		Idéntica ao anterior	
Palmo ou cuarta	Lonxitude desde o dedo meimiño ao pulgar		9 pulgadas	
Braza	Extensión dos brazos abertos. Usábase sobre todo no mar para medir cabos e por extensión, profundidades.		De novo a medida era variable pola dependencia das medidas da persoa que efectúa a medición	
Paso ou zancada	Distancia entre os dous pés separados		Idéntica á anterior.	
Milla	Medida de lonxitude empregada no mundo do mar (quizá por este motivo estaba homologada para moitos países).		1852 metros	Dela deriva unha unidade de velocidade, o nó (equivalente a unha milla por hora), o nome proviña dos nós das cordas empregadas para medir a velocidade dos barcos de vela.

Medidas tradicionais galegas

Nome	Orixe	Imaxe	Equivalencia	Medidas relacionadas	Outras peculiaridades
Vara	Tamén era empregada en Carnota como unidade de superficie		Equivalía a 2 metros cuadrados.	A vara lonxitudinal	
Cuartillo	O cuartillo era a vintecatroava parte do ferrado.		A equivalencia co sistema métrico é variable, posto que era un divisor do ferrado, que como se ve abaixo, era unha medida distinta en cada zona ou concello.	Á hora de pasar ferrados e cuartillos ao sistema métrico fixo falta establecer unha tabua de equivalencias e redondeos moi peculiares. Podes consultar a tabua de equivalencias entre ferrados, cuartillos e metros cuadrados usada no concello de Carnota	
Ferrado	Usada fundamentalmente na agricultura. Varía moito segundo as diferentes zonas do país. Como medida de superficie		Anda ao redor dos 500 metros cuadrados, mellor consultar a tabua por concellos.	Se queres ver as diferentes equivalencias por concellos, podes consultar unha tabua de equivalencias de ferrados e metros cuadrados por concello. Tamén recibe este nome unha medida de capacidade...	Debido a pago que se tradicionalmente consistía en ferrado de millo, as escolas aprendían a escribírse rudimentar os nenos e chamábbase escolas de
Fanega	Empregábase para medir grandes extensións de terreo.		2.103 metros cuadrados.	Na 'Historia de Galicia' cítase unha fanega formada por 12 copelos (usada en terras de regadío). As fanegas agrupábanse de 24 en 24, recibindo cada grupo un día de auga.	De Carballiño estudo feito desta unidade e outras empregadas comar

Medidas tradicionais galegas

Copelo	Utilizábase na provincia de Ourense, aínda se usa hoxe na terra de Celanova		21 metros cuadrados		
--------	---	--	---------------------	--	--

<http://www.arquitecturagalega.net/AG/diccionario/medidas.html> mantén unha páxina con equivalencias de medidas tradicionais.

Carlos Feijoo Osorio, desde Arxentina ofrece [recopilación e comentarios](#) nos que se mencionan as unidades tradicionais galegas.



Medidas tradicionais galegas

Equivalencia entre o ferrado e o m2 en diferentes concellos:

Abadín 504 Abegondo 436 Agolada 536 Alfoz 714 Ames 639 Antas de Ulla 604 Aranga 436 Arbo 437 Ares 548 Arteixo 444 Arzúa 536 Baiona 539 Baleira 714 Baña (A) 528 Barreiros 714 Becerreá 578 Begonte 525 Bergondo 436 Betanzos 436 Boimorto 536 Boiro 484 Boqueixón 639 Bóveda 489 Brión 500 Bueu 472 Cabana de Bergantiños 524 Cabanas 548 Caldas de Reis 629 Camariñas 424 Cambados 629 Cambre 444 Campo Lameiro 629 Cangas 472 Cañiza (A) 437 Capela 548 Carballedo 629 Carballo 524 Cariño 444 Carnota 400 Carral 444 Castro de Rei 629 Castroverde 496 Catoira 629 Cedeira 509 Cee 436 Cerceda 639 Cerdido 509 Cervantes 553 Cervo 725 Cesuras 436 Chantada 629 Coirós 436 Corcubión 424 Corgo (O) 436 Coristanco 524 Coruña (A) 444 Cospeito 525 Covelo 264 Crecente 437 Culleredo 444 Cuntis 629 Dodro 420 Dozón 536 Dumbría 424 Enfesta 639 Estrada (A) 629 Fene 548 Ferrol 509 Fisterra 424 Folgoso do Courel 436 Fonsagrada (A) 507 Forcarei 500 Fornelos de Montes 74 Foz 714 Frades 636 Friol 436 Gondomar 541 Grove (O) 629 Guntín 436 Incio (O) 559 Irixoa 436 Lalín 536 Lama (A) 217 Lán cara 629 Laracha (A) 524 Laxe 524 Lourenzá 638 Lousame 420 Lugo 436 Malpica de Bergantiños 524 Mañón 548 Marín 472/504 Mazaricos 424 Meaño 629 Meira 514 Meis 629 Melide 536 Mesía 603 Miño 548 Moaña 472 Moeche 509 Mondariz 432 Mondoñedo 612 Monfero 548 Monforte de Lemos 489 Monterroso 604 Mos 497 Moraña 648 Mugar dos 548 Muras 548 Muros 335 Muxía 424 Narón 509 Navia de Suarna 650 Neda 509 Negreira 528 Negueira de Muñiz 507 Neves (As) 629 Nigrán 541 Nogais (As) 621 Noia 420 Oia 402 Oleiros 444 Ordes 639 Oroso 639 Ortigueira 444 Ourel 548 Outeiro 436 Outes 396 Oza dos Ríos 436 Paderne 436 Padrón 420 Palas de Rei 604 Pantón 489 Paradela 559 Páramo (O) 559 Pastoriza (A) 504 Pazos de Borbén 74 Pedrafita do Cebreiro 578 Pino (O) 536 Pobra do Brollón (A) 465 Pobra do Caramiñal (A) 484 Poio 629 Pol 496 Ponteareas 437 Ponte Caldelas 629 Ponteceso 524 Pontedeume 548 Pontenova (A) 504 Pontes de García Rodríguez (As) 548 Pontevedra 629 Porriño (O) 497 Portas 629 Porto do Son 480 Portomarín 671 Quiroga 465 Rábade 436 Redondela 69 Rianxo 484 Ribadeo 612 Ribas de Sil 465 Ribeira 484 Ribeira de Piquín 514 Riotorto 504 Ribadumia 629 Rodeiro 536 Rois 424 Sada 436 Salvaterra de Miño 437 Samos 559 San Sadurniño 509 Santa Comba 528 Santiago de Compostela 639 Santiso 536 Sanxenxo 629 Sarria 629 Saviñao (O) 559 Silleda 536 Sober 484 Sobrado 536 Somozas (As) 509 Soutomaior 64 Taboada 604 Teixeira 536 Teo 639 Tomiño 629 Toques 536 Tordoia 639 Touro 536 Trabada 638 Trazo 640 Triacastela 430 Tui 497 Valadouro (O) 714 Valdoviño 509 Valga 629 Vedra 639 Vicedo (O) 548 Vigo 541 Vilaboa 629 Vilagarcía de Arousa 545 Vilalba 546 Vilamaior 548 Vilanova de Arousa 629 Vilasantar 536 Vimianzo 424 Viveiro 548 Xermade 525 Xove 725 Zas 424

Indícanos Emilio de Vigo unha precisión de non pouca importancia. Como a unidade territorial na Galicia tradicional non era o concello, fóra das vilas con término municipal, senón a parroquia, hai que ter en conta que a precisión da táboa é moi relativa. Nos concellos rurais, os máis, seguramente había variacións parroquiais non reflectidas na táboa. A lóxica municipal que parece seguir a táboa é moi irreal e débese unicamente a que a administración, unha vez dividido o territorio en concellos, impuxo esta maneira de ver as cousas a partir das postrimerías do século XIX.

Desde edugaliza samente indicar que estamos abertos a recopilar información que se puidese aportar sobre estas diferencias parroquiais, das que polo momento non temos datos, e aproveitando tamén este espazo para agradecerlle a Emilio as precisións sobre a toponimia que corriximos xa sobre a primeira versión desta táboa.

Medidas tradicionais galegas

Equivalencia entre cuartillos, ferrados e m2 no concello de Carnota.


Inserimos os datos do concello de Carnota como mostra dos redondeos que houbo que establecer para pasar ao sistema métrico decimal.

Ferrados	Cuartillos	Áreas	Centiáreas
	1		17
	2		33
	3		50
	4		67
	5		83
14	6	1	
	7	1	17
	8	1	33
	9	1	50
	10	1	67
	11	1	83
12	12	2	
	13	2	17
	14	2	33
	15	2	50
	16	2	67
	17	2	83
34	18	3	
	19	3	17
	20	3	33
	21	3	50
	22	3	67
	23	3	83
1	24	4	

Medidas tradicionais galegas

Nome	Orixe	Imaxe	Equivalencia	Medidas relacionadas
Cuartillo	Un cuarto de litro, nas Rías Baixas parece ser que valía por medio litro			
Neto	Equivalente a medio litro		2 cuartillos	
Azumbre	Equivalente a dous litros			
Cuartilla	Equivalente a catro litros		2 azumbres	
Canada	De oito litros, nalgúns lugares cinco ou seis litros			
Cántaro ou ola	Medida de capacidade usada nos líquidos (viño, aceite,..) Equivale a dezaseis litros.		2 canadas	1 ola = 1 cabazo = 1 cántara = 1 arroa = 16 litros
Cabazo	en Redondela o cabazo=20 litros. (Pero nos concellos limítrofes poden ser 16 ou 14 litros)			
Cañado	Equivalente a 40 litros		2 cabazos	
Moio	Equivalente a dezaseis cántaros		16 cántaros	
Sella	Que podía variar entre cinco, seis e ata quince litros			
Cunca	Dezaseisava parte dun ferrado			
Cuarto	Cuarta parte dun ferrado		4 cuncas	
Esca	Medio ferrado		2 cuartos	

Medidas tradicionais galegas

<p>Ferrado</p>	<p>Medida de capacidade empregada para medir áridos (gran). O nome provén do recipiente de madeira empregado como medida, de forma trapezoidal e cos cantos ferrados (reforzados con ferro).</p>		<p>2 escas .Como medida de capacidade varía entre os 12 Kg e os 20 kg segundo a clase de gran.</p>	<p>A coincidencia no nome co ferrado de superficie parece deberse á coincidencia entre gran e terreo plantado (hai unha certa dúbida neste punto, facilmente resolta: facer equivaler o gran recoleito nunha extensión non é operativo xa que a produtividade é variábel ano a ano, en cambio si que podía haber certa constancia na cantidade de gran plantado en cada zona) .Un ferrado de centeo era a semente necesaria para unha extensión dun ferrado de terra. Isto tamén podería explicar a variabilidade da medida de superficie.</p>
<p>Fanega</p>			<p>En millo equivalía a cinco ferrados</p>	<p>Probablemente ten a mesma explicación que o ferrado...</p>

Medidas tradicionais galegas

Nome	Orixe	Imaxe	Equivalencia	Medidas relacionadas
Libra	Medida de masa; equivale aproximadamente a $\frac{1}{2}$ Kg			
Onza	equivale aproximadamente a 25 gramos.			
Quintal	equivale aproximadamente a 50 Kg, sen embargo en Redondela un quintal de sal para a matanza eran 40Kg			



Medidas tradicionais galegas

Nome	Orixe	Imaxe	Equivalencia	Medidas relacionadas
Manda	Catro pezas de fruta (en Redondela) No mundo do mar a manda ou man empregábase para contar as sardiñas, equivalendo tamén a catro pezas.		25 mandas= 1 cento	
Rixelo	Nas zonas de pastoreo por contrata servía para contar as unidades animal-día que o pastor tiña a cargo		1 vacadía= 10 rixelos 1 ovelladía=1 rixelo 1 cabradía=1 rixelo. O pastor recibía un día de manutención por cada 7 rixelos.	Como nota de interese empregábase un pau (a tarxa ou talla) con incisións para levar a contabilidade.
Quiñón	No mundo do mar denomínabase así a parte dos beneficios da pesca que lle correspondía a cada mariñeiro, estaba en función da súa aportación á pesca en común: aparello, lancha,....		Na arte do cerco real daba dereito a un quiñón a aportación dunha peza do cerco (un anaco de 10 ou 40 metros de rede).	
Medida	Empregada para contar peixes de tamaño pequeno como sardiña ou xurelo. Habitualmente era a caixa ou paxe empregado para a descarga...		Segundo os lugares había equivalencias como a de 1 medida= 700 mandas	Patela, caixa e medida eran denominacións de gran imprecisión e moi variables para estes cometidos.
Ducia	Etimoloxicamente significa doce. Os ovos seguen a contarse por ducias, por exemplo.No mar tiña valores variables en función do sitio e da calidade do peixe.		Na Coruña, a ducia de pescadas dos bous eran de 29 exemplares, as do palangre levaban 27. En Marín chegaba a 50 e en Vigo ascendía a 30	

Medidas tradicionais galegas

Vareta	Nas factorías de salga de sardiña contábanse estas por varetas, unhas variñas de madeira ou de arame onde se ensarillaban unha vez sacadas da salmoira e antes de prensar.		Cada vareta levaba 25 exemplares.	1 Paxe de sardiña = 10 varetas = 250 sardiñas
--------	--	--	-----------------------------------	---



Medidas tradicionais galegas

O tempo ten unha medida que non cadra exactamente co sistema métrico decimal, en realidade mantense a partir da tradición secular dos calendarios solares e lunares e a subdivisión sexagesimal en horas, minutos e segundos, polo que só incluimos peculiaridades na conta do tempo de tradición galega.

Nome	Orixe	Imaxe	Equivalencia	Medidas relacionadas
Sorte	En zonas de regadío en Ourense dividíase o día en seis sortes (catro de día e dúas de noite) que marcaban os turnos de rega		En promedio seis horas nas nocturnas e tres nas diurnas (aínda que variaba ao longo do ano)	En realidade a sorte mide a cantidade de auga que o pozo ou manantial recupera nun determinado tempo.



Medidas tradicionais galegas

Índice

Introdución	1
Lonxitude	2
Superficie	3
Ferrados por concellos	5
Equivalencias ferrados	6
Capacidade	7
Peso	9
Contaxe	10
Tempo	12

